

## Manuel María: a amizade mellor que o ouro

XOSÉ ESTÉVEZ

### I A CAXATA DA AMIZADE

(“Amicitia sit tibi melior auro”)

(“Akiskide onari/ez atepak itxi”: aos bos amigos/ non pecharlles as portas”).

Alguén dixo que a vida sen a lumieira do amor e o caiado da amizade sería insoportábel e abofé que tiña razón.

Un pode ser un excelente escritor, pero para ser un home cabal e total, espello e paradigma das futuras xeracións, ademais diso cómpre ter a bonhomía, a bondade, a honestidade, a integridade e a personalidade deste inesquecível amigo que se me foi sen sequera molestarme para coidalo no hospital. Manuel María pertencía por dereito e feito á verdadeira estirpe do “Bós e Xenerosos”, un verdadeiro “guieiro e mestre”. Non se dá un afeito a dor da súa ausencia, só mitigada pola presenza lenitiva e fecunda do seu exemplo e da súa palabra ricaz, feita obra impresa nos seus libros.

Coñecín a Saleta e o Manuel María aló polo ano 65, cando cursaba segundo de teoloxía no Seminario de Lugo. As miñas inquedanzas xa se inclinaban polos ideais nacionalistas e encetaba a ler libros de versos en galego. A miña rodaxe na nosa lingua comezou por ‘Muiñeiro de brétemas’, denantes de acadar a inmensa sorte de desfrutar da amizade do seu autor, a quen me presentou un rapaz de Monforte, Pepe Torres, que despois seguiría outros roteiros.

Cada vez que dende Quiroga, a miña vila natal, me desprazaba co taxi a Monforte, non esquecía unha curta visita á librería Xistral. Un anaco de amigábel parola sempre sementaba unha idea nova, o aguillón para lectura dun libro recente ou a lembranza dun feito histórico importante para o entendemento do pasado galego.

No verán do 69 un rapaz monfortino, Lis, desexaba iniciar a súa vida de casa-do, celebrando a cerimonia eclesiástica en lingua galega. Manuel María avisoume e personeime na histórica cidade do Cabe un domingo de agosto, tras unha longa viaxe en moto dende A Fonsagrada. Repartinlle aos asistentes, entre os que se atopaban Saleta, Manuel María e Lois Diéguez, uns folletos para respostar axeitadamente á liturxia en galego. Cando este servidor e outro crego amigo de Manuel María, Isaac Alonso Estravís, que casualmente pasaba por Monforte nesa xornada, xa estabamos ritualmente vestidos para saír ao altar, o párroco, D. Jesús García, decatouse de que a liturxia ía desenvolverse en galego. Alporizouse e prohibíunolo. Nós negámonos a empregar a lingua cervantina e o párroco viuse na obriga de casar os noivos persoalmente e en castelán. Nesa conxuntura, de simple escudeiro pasei a cabaleiro das lides galeguistas baixo o padroado do Señor de Hortas e Vilanova, quen me armou coa espada incruenta na orde dos cabaleiros titulada “Pro Gallaetiae defensa”.

Un periódico galego de Bos Aires denunciaría a actitude do párroco e o Manuel escribiría un artigo na mesma liña profética na revista “Chan”. Dende ese intre comprendín o senso da verdadeira amizade e apliqueille o parafraseo das verbas que enfeitizan o crismón de Quiroga: “amicitia, sit tibi melior auro”.

A nosa amizade non foi a resultas dunha labarada estantía, senón froito dunha continua quentura agarimante, dun forno decote aceso ou dunha pinga de orballo que luar tras luar estremece a frol. Está inzada de fidelidade e lealdade, sementada ao longo de moitos anos e mantida, a pesar da lonxanía física, por unha íntima comunidade de parellos ideais e sentimentos afíns. Non deixamos que a herba da desconfianza medrase no camiño, ralbando por riba dos defectos, pois quen escolle un amigo sen eles, quédase sen ningún.

A marcha a Madrid para estudar Filosofía e Letras e máis tarde ao País Vasco para exercer a profesión de ensinante amorteceu a nosas relacións *visu a visu*, mais non os vencellos amicais, que se anovaban durante as vacacións, as conversas, as numerosas actividades a prol do País, os parrafeos telefónicos, a correspondencia e as viaxes. Esperaba como auga de maio a conversa telefónica, longa e demorada, cada domingo ás dez da noite que axudaba a manter acesa a chama da amizade. O Manuel María sempre remataba con este consello: “Pórtate mal, que eres novo e aínda estás a tempo”. Eu retrucaba: “Igoalmente”, e o procurador obrigado respostaba xuridicamente: “O meu xa prescribiu”.

De xeito paseniño, os vencellos amicais foron medrando en cantidade, calidade e sinceridade, froito, sobre todo, dunha semellante concepción mental, sentimental e espiritual. Explicitabamos as nosas máis íntimas arelas, aspiracións e problemas

nunha especie de confesionario aberto a dúas bandas, sen que endexamais se disterases entre confesor e confesado e, por suposto, sen que ninguén emitise nunca as verbas finais de absolución, senón as derivadas de escoitar e comprender.

Algún ano, inclusive, honráronme Saleta e Manuel María coa cea do Nadal na morada quiroguesa, interrompida ao pouco de encetar por un inoportuno ataque de vesícula.

Sobre a amizade xa debullaron consideracións os clásicos antigos: Platón, Aristóteles na súa “*Ética Nicomedia*”, Cicerón, os humanistas do século XVI e no século XVIII o vasco Joaquín de Eguía. Este persoeiro, un dos fundadores da “*Real Sociedad Bascongada de Amigos del País*”, escribiu un fermoso estudo verbo diste tema. Mais será, ao meu humilde entender, Juan Luis Vives no seu “*Tratado da Sabiduría*”, quen pronuncie as verbas máis axeitadas a respecto da amizade:

“Nullae certiores opes, quam certae amicitiae.  
Nullus potentius satellitium, quam amici fideles.  
Solem e mundo tollit, quisquis e vita amicitiam.

In amicitia nulla sit inimicitiae cogitatio: quem habes amicum, nec credas futurum umquam inimicum; alioque infima, et fragilis erit amicitia.

In que decet inesse fidem, constantiam, simplicitatem: ut de amico ne ipse sinistre suspiceris, nec suspicantibus, aut deferentibus aurem accomodes”.

En emulación do poeta latino Catulo, entre Manuel e mais asinamos este pacto tácito xunto a un prego, que se cumpriu e cumprirá:

“Firmiter proposuimus amicitiam  
hanc nostram inter nos perpetuamque fore.  
Dei, facite ut vere promittere possit  
atque sincere dicat et ex animo  
ut liceat nobis tota perducere vita  
aeternum hoc sanctae foedus amicitiae”.

Manuel María dignouse prologar o meu libro *Impenitencias galeuzcanas* e eu tiven a inmerecente honra de frontispiciar os adros de dous poemarios seus: “Ritual pra unha tribo capital de Concello”, dedicado a Outeiro de Rei, e “Sonetos ó Val de Quiroga”. Este derradeiro é o máis férvedo símbolo da nosa amizade. Enxergouno en virtude do meu teimoso petarreo e dedicouno ao val queirogués, a tribo dos meus amores e dores e terra orixinaria da súa avoa, Consuelo, quen tamén levaba un apelido Neira. Non sería descartábel que correse sangue parental polas nosas veas.

A nosa amizade cimentouse en catro alicerces esenciais: a semellanza de ideais e valores, as conversas, as viaxes e a complicidade matrimonial.

## II IDEAIS E VALORES

O substrato ideolóxico de Manuel María xa o analisei noutras ocasións, que agora atrevome a resumir: concepción panteística da Terra, baseada na conxunción dos catro elementos da mentalidade arquetípica primitiva (-terra, auga, lume e ar-), priscilianismo, santiaguismo mateano, humanismo, vitalismo, domesticidade detallista, franciscanismo topográfico, hierofanismo xeográfico, concepto transcendental da Terra como epifanía do compromiso con ela, somatización mística da paisaxe, xeoteoloxía da liberación, filosofía existencial cuxos elementos vehiculares son o idioma, o tempo, o amor, a palabra, os silencios, o misterio, os soños, as lembranzas e a nostalxia, fidelidade ao idioma e á patria galega, dotada de persoalidade identitaria nacional, e loita constante pola súa soberanía nacional e a súa liberación social.

A Saleta e Manuel María débollles os anacos dunha ringleira de valores que eles posúen e eu quixera esforzarme por imitar:

- o agasallo inquebrantábel da súa amizade,
- o impagábel galano da súa poesía,
- a druídica fidelidade e o tenso compromiso social, ético e estético co País e, sobre todo coa Lingua, emblema substancial da nosa personalidade diferenciada.
- un latexo carraxento contra a sangría emigratoria.
- un fondo amor ao País, Pobo de labregos, mariñeiros e traballadores.
- o agarimo polas nosas tradicións, gastronomía, romarías, cruceiros, castros, petos de ánimas, costumes e idiosincrasia,
- o intenso coñecemento da nosa literatura e da nosa historia,
- a visión humanista, transcendente e arrequecente da paisaxe, especialmente en dous lugares, paraísos inexpugnábais da memoria: o regato do Cepelo e a carballreira da Santa Isabel, ermida incluída.
- o aprezo polo noso sen desprezo do alleo,
- a querencia pola variedade como sinal de riqueza,
- a birra da empobrecedora uniformidade,
- a coherencia na traxectoria existencial,
- a lealtade a proba de bomba,
- a capacidade de admirar a fermosura alí onde se atope,
- a sabedoría de beber viño sen embebedarse,
- o pracer de enfeitizar, sen gula, o ceo da boca cos manxares terrenais.
- a magnánima comprensión das fallas humanas,
- a preferencia polo traballo humilde e cotián,
- unha digna sobriedade,
- a inqueda polo detalle dun caravel murcho, dunha fontíña perdida, dunha bidueira solitaria, dunha lagoa esquencida e do curto regato do Cepelo, nado e finado na mesma tribo.
- a nostalxia dun muíño esborallado,
- a carraxe por algunha ermida en desfeita pola incuria veciñal e clerical.

- a defensa dos vellos trens abandonados,
- a señardade dos carros cantaríns, do voo dos cabaliños do demo ou do asubío dos xílgaros,
- a lembranza dos devanceiros sulcadores de colleitas,
- a fogueira da memoria como semente do porvir e bagazo de identidade colectiva,
- o incesante apoio ás causas patrióticas e culturais,
- as oracións polos tolos e bébedos,
- o don da conversa demorada e ricaz,
- a inmensidade dunha limpa ollada, aberta como a palma da mao,
- a clara integridade nas actitudes,
- a xenreira contra a raposaría, a caroucada e o palafreneirismo,
- a axuda aos máis miserentos e desprotexidos da sociedade,
- a desinteresada disponibilidad de servizo,
- o afastamento da soberba vaidade,
- un esperanzado optimismo,
- o humor san e amábel,
- un ledo e atraente vitalismo,
- un farturento anecdotario,
- o lostregamento do paifoco papanatismo cosmopolita,
- o alonxamento dun pragmatismo esterilizador e egoísta,
- a utopía como fornecedora do cambio estrutural e persoal,
- unha xenerosidade sen fronteiras,
- unha cosmovisión integradora e panteísta do mundo,
- unha relixiosidade natural, priscilianista, ategada de filantropía e franciscanismo,
- un enxebre concepto da familia como célula básica de enraizamento e hominización,
- unha fraternal solidariedade cos Pobos asoballados e unha rexa aposta por un porvir soberano para a nosa benquerida e magoada nación.

### III AS CONVERSAS

“In principio erat verbum”. Manuel María era o señor, o mago da palabra. Con aquela mirada máxica, de ollos de mel silvestre, escintilantes, a voz de hipnotizador oriental, modulada, turbadora, de baixo de ópera, conquería o milagre de engaiolar o auditorio e o contertulio e provocar experiencias sensoriais de efecto impredecíbel. Mesturaba axeitadamente amenidade narrativa, xusteza descritiva, erudición sen límites, sabedoría cromática, lirismo épico, anecdotario farturento, memoria inxente,

riqueza léxica, curiosidade epistemolóxica e sobre todo, un fondo coñecemento e un amor desmedido polo País.

Cando un compara as conversas do Manuel María coas que ten a desgraza de ouvir a algúns estudantes actuais de bacharelato e universidade, non pode por menos de pregarlle á Virxe de Lourdes que faga o milagre conxuntural dunha xordeira ben administrada. Tal é o reduccionismo da linguaxe, que, ás veces, un pensa que anda esmolando polas estepas africanas na compañía dalguns australopithecus superviventes, subidos nas ponlas dalgunha árbore rascando as axilas e emitindo sons guturais.

Manuel María era consciente de que a súa verdadeira vocación era a palabra. Para el valía máis que mil imaxes. Cando non podía falar ou falar menos, na estación do outono, escribía.

As conversas a carón da mesiña da librería Xistral ou no refectorio da vivenda familiar na rúa Roberto Baamonde, entreveradas de curtos intres para amosar un libro ou ler algún poema, fornecían a mellor escola de aprendizaxe.

Nas vacacións, despois da obrigada visita aos meus pais, non fallaba ao acto ritual de trasladarme á librería Xistral, nas monfortinas galerías Fontecha, para saudar, con efusividade e emoción non contida, á Saleta e ao Manuel María, parolar coa paciencia dos vellos petrucios “de omni re scibili” e “observarnos competentemente”. Tamén aproveitaba para enterarme das novidades editoriais e facer as correspondentes mercas de libros e cerámica de Sargadelos.

Nos xantares e ceas, coas súas inexcusábeis tertulias posteriores, nas visitas a familiares, amigos e persoeiros e nas viaxes pola xeografía galega, na compañía de Saleta e Manuel, aprendín máis que nas lecturas librescas, nas monótonas xeiras universitarias e no percorrido da miña experiencia vital.

Nunca esquecerei os longos parrafeos nas viaxes ou na casa, ás veces deica as tres da mañán, sobre “divina et humana re”. O xantar do primeiro de xaneiro, abeirado por un café delongado na compañía de Lois Diéguez, Paco Rodríguez, Miguel Anxo Fernán Vello tiña un engado sobranceiro. A media tarde sumábanse á tertulia Felipe, Raxo, Suso Torres e a súa dona. Ese xantar forma parte substancial do meu imaxinario individual, deitado no recanto máis querido da memoria.

#### IV AS VIAXES

As viaxes supoñían unha dobre descuberta. Coa súa palabra manantía, lizgaira e precisa describía maxistralmente a paisaxe e a paisanaxe, como diría Unamuno. O Manuel María posuía un fondo coñecemento do país e un don especial para establecer conversa con calquer persoeiro, sobre todo se era toliño, que estivese a rentes da estrada ou no ático da aldea máis perdida. Dende Monforte a Santiago, dende A Coruña a Foz ou dende Sober a Pontevedra, quilómetro a quilómetro, era capaz de ir esmiazando igrexas, castros, pazos, familias, casais, personaxes, mosteiros, colleitas,

ríos e fragas. Fixábase nos detalles máis insospeitados e tecía coa súa palabra un manto de amor franciscano, de mel humanizador, de percura microfílica e de descuberta etnográfica.

Apraciálle moito coñecer non só o propio país, senón tamén outros, pois o amor polo propio non desbota o aprezo polo alleo. Sempre sobranceaba neles a súa personalidade e idiosincrasia: Bretaña, Catalunya, Euskadi, Italia, Grecia, Bélxica, Suíza e até Venezuela, a pesar do medo que lle tiña ao avión. Sobre eles artellaba unhas fermosísimas reportaxes na sección “Andando a Terra” e nas numerosas colaboracións en *El Correo Gallego*. Non deixaría de dedicarlle poemas a outras culturas en *O Camiño é unha nostalxia*. Dúas cidades polas que sempre devecía, ademais de Compostela, eran Florencia e Lisboa.

Tres ritos eran obrigados:

- 1 Alcender velas naturais nas igrexas, non esas “caralladas” artificiais que alumean metendo diñeiro nun burato.
- 2 Visitar os amigos e parolar, sen facer caso do tempo transcorrido con eles.
- 3 Depositar flores nas campas dos grandes persoeiros da cultura: Risco en Allariz, Celso Emilio en Celanova, Díaz Castro en Guitiriz, Delgado Gurrarán en Córghomo, Cunqueiro e Leiras Pulpeiro en Mondoñedo, Pondal, Curros, Chané, Luis Seoane e Murguía na Coruña.

Perdín a conta das viaxes nas que Manuel María serviu de compañeiro e cicerone. Ben “aposentado”, co cinzeiro disposto a recibir a borralla dos “Ducados”, comezaba o recital das explicacións de todo canto enfeitizaba os arredores da estrada. Somentes, ás veces, acenaba máis veloz para dicir: “Inmiscúiete por eiquí”, ou “¡já dereita parte!

Algúns periplos, emporiso, non son dignos da deshonra do silencio.

A Iparralde fomos Manuel María, Saleta e o clan Estévez-Goñi co único obxectivo de honrar a memoria de Francis Jammes na súas mansións de Dax e Hasparren e adornar a campa do poeta co correspondente ramo de flores.

Durante a Semana Santa do 89 establecemos como base loxística de operacións a aldeña de Mirafuentes-Iturriaga, no val da Berrueza, en Terra Estella (Navarra). Dende alí desprazabámonos cada día a unha zona para visitala: Soria, Santo Domingo da Calzada, Berceo (-recitación incluída dalgunha caderna vía de D. Gonzalo-), San Millán de la Cogolla, Clavijo e Nájera. Na mesma Navarra: Viana, co sartego de César Borgia, Torres del Río, Eunáte, Estella, Pamplona, o Castelo de Javier e os mosteiros de Iranzu, Irache e Leire. Neste último ficou abraiado polo feito de que todos os ósos dos reis de Navarra se atopasen xuntos e revoltos no mesmo cofre. “¡Vaia Cristo que van liar no Val de Xosafat o Día da Resurrección para encontrar as tibias e os peronés de cada Un!”-diciu o Manuel. Tamén se alporizou (-cousa moi rara nel, que só facía por mor de ataques contra a lingua ou pola demora ás horas de comer-) en San Millán de la Cogolla o 29 de marzo de 1989. O frade agostiño que

ensinaba o mosteiro sinalounos as dúas lápidas penduradas na parede, que acollen as primeiras verbas en eúscaro e en romance. Con retranca clerical, adobiada de sorriso despectivo, afirmou que nen os mesmos vascos sabían o que poñía a estela éuscara. Axiña respostou o Manuel María que tampouco os casteláns de agora entendían a lápida en romance, pois era máis ben un latín deturpado. O frade agostiño viuse obrigado a recoñecelo, remosquexando entre dentes.

Dende 1973 estivo en seis ocasións en Euskadi. Nunha delas, asentado en Hernani, demorouse unha semana enteira para impartir varias conferencias e recitais nos centros galegos de Barakaldo, Bilbao, Sestao, Donostia e Trintxerpe e pronunciar o pregón do Día de Galiza en Euskadi, celebrado en Laudio. Tampouco faltou a colocación do pertinente ramo en Hasparren a Francis Jammes e en Derio na campa de Gabriel Aresti, a cuxo enterro non puido asistir por mor dun neumotórax. Fíxose moi parcial en Hernani dos callos e das albóndegas, que preparaba con agarimo a etxekoandre do Huizi. Durante esta viaxe compuxo algún poema solto, un traballo sobre Florencia e un conto da “Tribu ten catro ríos”. Non fallaría en xullo de 1990 á defensa da miña tese de doutoramento en Deusto.

A Portugal desprazámonos en tres ocasións, nunha delas a Chaves na compañía de miña nai, que ía apampada polas certeiras e doutas explicacións do Manuel María. O ano anterior xa visitáramos Braga, sen fallar na visita obrigada a San Fructuoso de Montelios, San Martiño de Dumio e ao arquivo da cidade. O xornalista Nuno convidounos a un competente xantar e agasallounos cun gorenteiro bagaço que erguía a pucha e traspoleiraba os “celebres” da cabeza ao ventimperio. Noutra oportunidade visitamos Amarante, cumprimentamos a Teixeira de Pascoães, pousamos á noite en Barcelos e retornamos á Galiza do Norte por Póvoa do Varzim. En Barcelos causounos unha grande sorpresa a confesión da recepcionista do hotel. No intre de amosstrar o carné preguntou: “espanhois?”. Resposta inmediata dos dous a unha: “Non, galegos”. E a señora nun curto parrafeo díxonos: “Vostedes, os galegos do Norte e nós os do Sur, do Douro para enriba, debíamos formar un Estado independente”. Ficamos abraiados e mudos, nunca tal cousa ouvíramos en Portugal. En Póvoa do Varzim aconteceunos un feito merdento, polo lugar en que sucedeu. Entramos no defecatorio-minxitorio para “aliviar” as presións da próstata e observamos dous affiches ben “paveros” na parede:

“Caga cantando  
que a merda sae dançando”

“Carvalho, ¡Qué lindo nome tes tú  
quita a v de carvalho  
e mete o resto no cu”.

Os galeuscas de escritores eran unha fonte de relacións internacionais, pero tamén de conversas onde se artellaban vencellos, actividades comúns e traducións



como ocorreu no Galeusca donostiarra coa versión do Eidos ou das Cousas de Ramón Lamote ao eúscaro, feitas por Koldo Izagirre. Lembro os galeuscas de Baiona (Galiza), Iparralde, A Coruña-Betanzos, Lugo-Samos, Vitoria-Gasteiz e Pamplona. Do de Baiona, onde puxo toda a carne no asador Xaquín Agulla, recordo especialmente unha longa conversa no hall do Parador coa presenza de Vélez de Mendizábal, daquela presidente da Euskal Idazleen Elkarte, da súa dona, de Manuel María, de Novoneyra e dun servidor. O “jaguar” do Caurel e o bardo da Terra Cha fixeron un extenso repaso á súa vida conxunta, contando unha enorme cantidade de anécdotas, relatadas con tal amenidade que nos deron as catro da mañán sen decatarnos. O resto da noite non poidemos durmir por mor da dor dos músculos do baixo ventre, alporizados por máis de cinco horas de constante e irresistíbel escacharse de risa. Nos galeuscas de Pamplona e Vitoria-Gasteiz a interacción Manuel-Bernardino-Xosé Lois doaba unha plataforma dabondo axeitada para desfrutar de conversa e da narración de acontecementos reais ou finxidos, moitas veces hiperbolizados.

As viaxes por Galiza foron as máis numerosas e culturamente as máis proveitosas, sempre co gallo dalgún acto cultural, conferencias, recitais, presentacións de libros e conferenciantes, congresos, xornadas e pregóns (-eses excelentes pregóns que sería conveniente editar-), dos moitos aos que Manuel María acodía xenerosamente, sen esquecer a participación en actos de Galiza Nova, pois tiña carné desta organización, do que se gababa con fachenda. Outras veces organizabamos algún periplo para gorentar o inmenso lecer de encher o fol da alma de amor ao país. O pouco que coñezo de Galiza, débollo ao Manuel María, que ademais de ver, ensinaba a ollar e fitar non só no externo, senón tamén no interior das persoas, obxectos, monumentos e paisaxes. Viaxes ao Courel, Cebreiro, Mondoñedo, Tui, A Guarda, Oia, Ourense, Casdemiro, Monterrei, a Ribeira Sacra e Pantón, Terra Chá, Lugo, Outeiro de Rei, Betanzos, A Coruña, Santiago, Celanova, Allariz, Val de Quiroga, Val de Lemos, A Fonsagrada, Taramundi, Foz, o Bierzo, San Martiño de Xubia, o Santo André de Teixido, San Pedro de Mezonzo, San Salvador de Caamanzo, San Miguel do Monte, Xunqueira de Ambía, o Ribeiro, Trasalba, Pontevedra, Cambados, O Carballiño, Xunqueira de Espadañedo, Melón, Maceda, San Pedro de Rocas, San Estevo de Ribas do Sil, Cela e moitos lugares máis. Ademais, algunha vaixe frustrouse á última hora como a que tiñamos artellado para visitar a casa solar dos Neira, en Veiga de Valcarce, de onde procedía seguramente a súa avoa, Consuelo. A causa fora o pasamento de Fiz Vergara Vilariño. Aló fomos á Lúzara Xabreira para participar nas exequias e voltaríamos no cabodano.

Algúns destes lugares áchanse indisolubelmente xunguidos a algún acontecemento salientábel. O val de Quiroga vencéllase ao libro dos sonetos, ao tempo da caza e os xantares no Remansiño, onde penduraba o soneto dedicado a D. Uxío de Villaverde, casa hoxe a piques de esborrallarse, non sei se co soneto dentro. Mondoñedo asóciase a Cunqueiro, o Pallarego e Díaz Xácome; San Miguel do Monte a tímpano co cego, o can e a bailarina; San Pedro de Mezonzo a un crego desprendido

e o val libre de bágoas, Caamanzo a outro crego gasalleiro; o Ribeiro, o pregón de inauguración de Viñas Mein e a D. Ramón Otero Pedrayo; Foz ao Suso do Baía; a feira do Tinta Femia, perto de Bueu, ao pacto de Cela entre; Cambados a D. Ramón Cabanillas, Ourense ao pórtico do Paraíso; Samos ao padre Feixóo, e Outeiro de Rei á Casa de Hortas, Troio da Agüela, regato do Cepelo, campo e ermida da Santa Isabel, Penas de Rodas, San Alberte e remate no mesón do Labrego.

Os Días da Patria eran memorábeis. Dende 1969 nunca fallou a miña presenza en Santiago, agás nos anos 1999 e 2003 por forza maior, a doenza de miña filla. Dende 1980 fun sempre na compañía da Saleta e do Manuel. Despois de asistir á “procesión do Gremio”, xa ubicados xunto o muro de San Paio de Antealtares, escoitabamos con atención os discursos na praza da Quintana e cantábamos con devoción o himno patrio. Xantabamos despois na carballeira de San Lourenzo uns “competentísimos” embutidos da Señora Lola, miña mai, empanada, bistec e froita, todo ben regado por un garrafón de viño quirogués, no que Manuel foi destetado. Xa nos últimos anos trasladamos o refectorio a Casa Camilo. Serían moi numerosas as anécdotas, pero unha delas non podoo omitila. Na praza da Quintana acercouse a saudar ao Manuel un profesor húngaro, Lajos, que traducira poemas seus ao citado idioma. Ao pouco tempo veuno saúdar un xaponés, Takekasu Asaka, tradutor ao nipón de Rosalía de Castro. Manuel presentounos. Foi un feito merecente de recoller para a posteridade: ollar un húngaro e un xaponés falando perfectamente en galego. Non esquezo a un vello de Trintxerpe, Xesús Cousillas, apampado decindo: “Agora decátome de que o galego serve pra andar polo mundo”.

## V COMPLICIDADE MATRIMONIAL

Todo o clan Estévez-Goñi sente unha forte admiración e unha indisimulábel simpatía por Manuel María e Saleta. Pero na miña traxectoria existencial hai unha muller, Maribel Goñi Olea, sen cuxa complicidade en ideais, valores e amizades nada tería sido posíbel. Manuel sabíao e nunca a omitía en dedicatorias de libros e poemas.

Co gallo do ingreso como socio de número na “REAL SOCIEDAD BASCONGADA DE AMIGOS DEL PAIS” o día 8 de maio de 1987, Manuel dedicárame un poema ao xeito das cantigas medievais e o bertsolari Xabier Amuritza outro en euskera, a petición do mantedor do acto, o amigo etnógrafo, Juan Garmendía Larrañaga.

O poema do Manuel reza desta maneira:

“Pepiño Estévez: ¡Galicia e Euskalerría  
é o soño que te ampara e te guía!  
-O corazón a tremar

Pepiño Estévez, galego e vascongado:  
 ¡un soño de amor é destino anceiado!

**-O corazón a tremar**

Pepiño Estévez, quirogués-guipuzkoano:  
 ¡qué soño fidel, fraternal e humano!

**-O corazón a tremar**

Pepiño Estévez, carballo e carabel:  
 ¡a rosa do teu soño é Maribel!

**-O corazón a tremar**

Pepiño Estévez, carabel e carballo:  
 ¡o soño perfecto é pinga de orballo!

**-O corazón a tremar**

**-Ai, amigo-**

**e nos beizos un cantar”.**

O mesmo ocorreu na vida do Manuel. Houbo unha muller fundamental, coa que a compenetración era total e absoluta, Saleta Goi, a súa compañeira inseparábel, musa de soños, mel de espiñas, aguillón de loitas, sempre rosa inmurchábel. Dos moitos poemas que lle dedicou, este, do libro *Sonetos á Casa de Hortas* é merecente de soar. Comenza así:

CANDO Saleta entrou por vez primeira  
 na casa petrucial dos vellos Hortas  
 abríronse, por si, tódalas portas  
 e emocionáronse o cedro e a nogueira.....

Pero na lingua vasca, que falaron devanceiros de Saleta, a lingua de Gabriel Aresti resoa como eco de dulzaina nos vales pirenaicos, que tanto lle apracían a Voltaire:

“Saleta sartu zenean aurrenekoz  
 Hortas zaharren etxe nagusian  
 Zabalduegin ziren, berez, ate guztiak  
 Eta ikaratu ziren zedroa eta intxaurrondoa.

Eta, Saletarekin, Udaberria zen heldu  
 Eta bizi berria eman zien kimu hilei  
 Eta harriturik, liluraturik leherrarazi egin zituen  
 Baratza osoa argiz eta elurrez betetzeko.

Eta etxe osoak irri egin zuen eskerronez.  
 Lore bat iduri haren irria:  
 Arrosarik gorituena eta sutuena.

Saletak, isilean eta hunkiturik  
 Haizearen eskua sumatu zuen bihotzean  
 Eta etxea sartzen zela bere bizitzan.

Este poema, xunto a outros 31, aparecerá no libro-homenaxe a Manuel María, que se presentará na Casa de Galicia en Gipuzkoa e no bairro de Trintxerpe os días 18 e 19 de novembro do 2005.

## VI TRES POEMAS

Froito simbólico de toda unha longa amizade son estes tres poemas que me atrevo a proclamar.

Do libro *Sonetos ó val de Quiroga*, como é lóxico, gústanme todos os poemas. Un empeza por amar o seu torrón natal, asegunda na súa patria orixinaria e despois abre as ponlas do corazón aos ventos da solidariedade universal. Sen amor localizado non o hai globalizado, aínda que o neguen os cosmopolitas de salón.

Son moi parcial deste poema concreto:

“Quiroga, miña queiruga montesía,  
escura razón de ser do meu cantar:  
eres moito máis fermosa con luar  
que escentilando á luz do meridía.

Eu sempre te quixera contemplar  
como unha fonda, sinxela melodía,  
o mesmo que a canción da cotovía:  
pura nostalxa perdéndose no ar.

Tíñate na lembranza, adormecida,  
mistura de realidade e ilusión,  
como terra soñada e prometida.

Tí déchesme un amor: esta ferida  
que lle obriga a latexar ao corazón  
e manter alcendida a propia vida”.

Emporiso, gardo como ouro en pano estes dous poemas. O primeiro enfeitiza un sinxelo carballo da Terra Cha e foi traducido graciosamente ao eúscaro polo meirande galeuzcano, Koldo Izagirre.

“SONETIÑO ó carballo que o noso amigo PEPE ESTEVEZ, quirogúes e historiador, levou dende Carballido da Terra Cha a Oiartzun de Guipuzkoa, pra trasplántalo nun eido da súa pertencencia e da súa dona MARIBEL GOÑI.

Carballo de Carballido:

¡na Terra Cha tés nación  
e levas no corazón  
un puro amor trascendido!

¡Non deas nunca ó olvido  
idioma, patria e canción  
que o teu nativo torrón  
queda, sen tí, dolorido!

Asume un novo destiño  
plenamente. E sen espera:  
¡faite luz, símbolo e siño!

Tí non eres un calquera:  
¡dille, en galego ó Pepiño  
que che adeprenda o euskera!

Manuel María  
Abril do 1997  
Ano de Anxel Fole”.

“GURE adiskide Joxe Estevezek, quirogatarra eta historialaria, Maribel emateak eta biek daukaten orube batean zeharaldatzeko Terra Cha-ko Carballido-tik Oartzunera eramandako haritzari hamalauduna.

Carballido-ko haritza,  
Terra Cha-k sortuta zaitu  
bihotz ederrenaz gaitu:  
maitasunaren bortitza!

Aberria eta hitza,  
biak itzazula zaindu,  
zu joanak utzi baitu  
sorleku zaharra hitsa.

Sustrai egiteko lurra  
Euskadin duzu hartuko:  
elkartasunezko ikurra!

Berriari ez egin uko:  
Joxek darabil aitzurra,  
berak zaitu euskaldunduko!

Manuel María  
1997ko Apirila  
Anxel Floren urtea”.

O segundo poema xurdiu a pedido do meu fillo Breogán, cando rematou a carreira de Historia e Xeografía.

“Ó meu competente amigo BREOGÁN ESTÉVEZ GOÑI.

TI es, querido Breogán, amigo meu,  
 polo Estévez, galego trasterrado,  
 polo Goñi, navarro-vascongado:  
 euskaldun de nación, patria de teu.

Deus no de todos, cada un no seu,  
 e ti no teu vivir apaixonado,  
 sincero, xeneroso e arriscado,  
 que quen nunca xugou nada perdeu.

Rexeita odios, vilezas e patrañas.  
 Ten a luz da beleza por guieiro  
 e ama fundamente ás tuas raigañas.

Busca sempre o camiño verdadeiro  
 E que sexa a maior das tuas fazañas  
 ¡Non deixarte cegar polo diñeiro!.

Manuel María.  
 Maio do 1999”.

Tamén lle pedín outro poema para miña filla Alda Naiara, coa que o Manuel mantiña unha querencia especial. Pero confesoume que lle era imposíbel compoñelo. Tiña fixa na imaxinación como un cravo ardente unha ferida de dor traumatizante, que lle coutaba a inspiración: os ollos grandes, azuis, inexpresivos e chorosos, cando saíu do Hospital da Coruña en ambulancia para Donosti o día 8 de agosto do 1999.

## VII REMATE

Coido que o mellor remate da miña intervención é a historia do malvís, que perdeu todo, pero seguiu cantando. Koldo Izagirre, o galeuzcano nunca ben ponderado, remesou un poema, que xogaba en galego e eúscaro con esta historia do malvís, para a grandiosa homenaxe tributada ao Manuel en setembro de 1995 no Teatro Rosalía de Castro. O malvís vai perdendo todo, pero segue cantando.

Mokoa galdu du,  
 e o malvís sigue a cantar.  
 Hegoa galdu du,  
 e o malvís sigue a cantar.  
 Burua galdu du,  
 e o malvís sigue a cantar.  
 Nola kanta?. Nola txirula?.  
 A resposta é seguir a cantar.

Perdeu o bico  
 eta xoxoa kantari.  
 Perdeu as azas  
 eta xoxoa kantari.  
 Perdeu a testa  
 eta xoxoa kantari.  
 Cómo pode cantar?. Cómo pode vivir?.  
 A resposta é seguir a cantar.

Perdeu o bico  
 e sigue a cantar.  
 Perdeu as azas  
 e sigue a cantar.  
 Perdeu a testa  
 e sigue a cantar.  
 Canta que perdeu o bico,  
 canta que perdeu as azas,  
 canta que perdeu a testa.  
 A vida é seguir a cantar.

0 malvís perde os ollos  
 e ressuscita á lús.  
 0 malvís morre a cada intre  
 e sigue a vivir.  
 0 malvís é o seu propio cantar”.

\*\*\*\*\*

Este Congreso leva por título: “Manuel María: literatura e nación” Eu engadiría: “Manuel María: Amizade e Nación”, pois Manuel oficiaba o rito de investir os amigos co capelo da Orde dos cabaleiros do patriotismo.

Manuel María, como o malvís, perdeu a vida terreal, mais segue a cantar nas súas obras, co seu exemplo, co seu compromiso ético e estético e na memoria total dos amigos e do País. Dende o alén reméanos un facho de esperanza e unha nidia mensaxe: acadar a emancipación nacional e social desta Patria, que espero percorrer algún día liberada do Courel a Compostela, para depositar unha rosa e un caravel en Outeiro de Rei, trasfregadas dende o verdor luxurioso dunha patria irmá, Euskal Herria, seguindo os vieiros do Galeuzca histórico.